

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAL NO MARCO DO PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRAL (PAI) AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ-MEIRAMA COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA DO FONDO DE TRANSICIÓN XUSTA DE ESPAÑA 2021-2027

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, en nome e representación do departamento do que é titular en virtude das facultades representativas propias do seu cargo, derivadas do disposto no Decreto 44/2024, de 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e a súa presidencia.

Doutra parte,

D. Antonio Fontenla Ramil, en calidade de Presidente da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA (en adiante CEC) con NIF G15029960 en nome e representación da dita organización.

D. Justo Sierra Rey, en calidade de Presidente da ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (en adiante ASIME) con NIF G36614774 en nome e representación da dita organización.

D. Javier Carreiro Vázquez, en calidade de Secretario Xeral da entidade UGT-FICA – INDUSTRIA, CONSTRUCCIÓN E AGRO GALICIA (en adiante UGT-FICA GALICIA), con NIF G87582524 en nome e representación da dita organización.

D. Víctor Ledo Suárez, en calidade de responsable de política industrial de CCOO de Industria Galicia (en adiante CCOO de Industria Galicia), con NIF G87048666 en nome e representación da dita organización.

Recoñecéndose todos eles que interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para convir en nome das entidades que representan.



MANIFESTAN

I.- En febreiro de 2019 lanzouse a Estratexia de Transición Xusta (ETX) e o seu Plan de Acción Urxente, que teñen como obxectivo desenvolver políticas e medidas para mitigar o impacto do peche da minería e das centrais térmicas de carbón nos territorios afectados, a través dos Convenios de Transición Xusta e outras ferramentas.

Entre os territorios identificados pola Comisión Europea como os máis afectados, atópase A Coruña, e en especial os municipios afectados polo peche das centrais de carbón das Pontes e Meirama, establecéndoo como a Prioridade 2 do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027

O peche das centrais térmicas de carbón das Pontes e Meirama, ambas situadas na provincia da Coruña, tivo un impacto moi significativo no emprego, pola perda de empregos directos e indirectos na rexión, con repercusións directas na economía local e a provincia da Coruña en xeral.

Conscientes desta problemática e de que os mecanismos habituais do mercado laboral non son suficientes para afrontar o impacto que tales acontecementos están a xerar tanto en As Pontes e Meirama como na provincia de A Coruña e, por extensión, en Galicia, a Xunta de Galicia decide impulsar medidas que dean resposta urxente e palíen, dunha maneira rápida e efectiva, o importante impacto socio-laboral ocasionado no territorio e que faciliten unha reinserción efectiva no menor espazo de tempo posible.

En concreto, co obxectivo de crear recursos de fomento da inserción laboral especificamente orientados ás problemáticas das persoas desempregadas e traballadoras que requiran dunha recualificación ou mellora da súa empregabilidade, velando polo carácter personalizado destas, deseñouse e impulsouse o **Plan de Actuacións Integral (PAI) As Pontes de García Rodríguez-Meirama** sendo as persoas beneficiarias aquelas persoas traballadoras (actualmente empregadas ou desempregadas) que procedan de empresas afectadas, directa ou indirectamente, polos peches das centrais térmicas das Pontes de García Rodríguez e Meirama e residentes na provincia de A Coruña, priorizándose en tódolos casos:

1. Os municipios nos que se situaban as centrais: Cerceda e As Pontes
2. Os municipios previstos nos Protocolos de actuación dos Convenios de Transición Xusta de Galicia: Meirama e As Pontes (salvo os tres concellos da provincia de Lugo, que quedarían excluídos), sendo un total de 16 municipios prioritarios: Cabanas, A Capela, Cerdido, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Ortigueira, As Pontes, San Sadurniño, As Somozas, Carral, Cerceda, A Laracha, Ordes e Tordoia



O proxecto contará co apoio financeiro da Xunta de Galicia e do Fondo de Transición Xusta que é un novo instrumento financeiro no ámbito da política de cohesión cuxo obxectivo é prestar apoio aos territorios que se enfrontan a retos socioeconómicos graves derivados do proceso de transición á neutralidade climática.

II.- Que de acordo co establecido no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, así como no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, esta mantén as súas competencias nas áreas de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, orientación e promoción laboral.

No exercicio destas funcións, correspóndelle á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais a dirección, coordinación e impulso das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia en materia laboral.

III.- Que os interlocutores sociais máis representativos de Galicia (UGT- Galicia, S.N. de CC.OO de Galicia e a CEG) a través da UGT-FICA – Industria, Construción e Agro Galicia, CCOO de Industria Galicia, Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia – ASIME e a Confederación de Empresarios da Coruña (CEC) serán as entidades que xunto coa Xunta de Galicia xestionen de forma conxunta o proxecto xa que dispoñen de experiencia en plans de formación e capacitación de persoas traballadoras e desempregadas no ámbito da industria e as súas tecnoloxías asociadas, e a súa participación permitirá obxectivar a situación dos sectores emerxentes a nivel rexional e global, así como as súas tendencias, de forma que os traballadores e traballadoras poidan clarificar as súas expectativas profesionais para manterse no sector do que proveñan e redeseñar o seu proxecto de vida profesional en cada caso, ou reorientarse profesionalmente.

IV.- Que o presente convenio de colaboración formalízase baixo o disposto no parágrafo primeiro da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, enmarcándose dentro do previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así mesmo, axústase ao disposto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, quedando xustificado o carácter singular da axuda e as razóns que acreditan o interese público, social e económico e aquelas que xustifican a



dificultade da súa convocatoria pública, atendendo ás especificidades do obxecto do convenio, así como pola especificidade dos/as destinatarios/as últimos/as: persoas desempregadas e traballadoras que se viron afectadas, directa ou indirectamente, polos peches das centrais térmicas das Pontes de Garcia Rodríguez e Meirama e que requiran dunha recualificación ou mellora da súa empregabilidade.

V. Que, de acordo co establecido no Estudo ambiental estratéxico do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021 – 2027, nesta actuación non se require a avaliación substantiva do principio Do not significant harm (en adiante, DNSH), xa que polo seu deseño, ten un impacto negativo claramente nulo ou insignificante sobre os obxectivos medioambientais relacionados co dito principio.

VI- Ao longo dos anos 2025 - 2028, procede acometer as actividades correspondentes ao Plan de Actuacións Integral (PAI) As Pontes de García Rodríguez- Meirama, polo que as partes asinantes ACORDAN o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego , Comercio e Emigración e as organizacións asinantes respecto das actuacións do Plan de Actuacións Integral (PAI) As Pontes de García Rodríguez- Meirama para as anualidades 2025-2028

Os principais obxectivos do Plan de Actuacións Integral susténtanse en tres principios. O apoio integral, como primeiro principio do plan, proporcionará un apoio personalizado e continuo aos traballadores desde o momento do despedimento ata a súa reinserción no mercado laboral, enfocándose na recualificación profesional e a inserción laboral. O segundo principio baséase en formación altamente especializada en tecnoloxías verdes, eficiencia enerxética e dixitalización de procesos, adaptando as accións formativas segundo os perfís e competencias dos participantes. E un terceiro principio, facilitar a recolocación, asistir na procura de emprego ou establecemento por conta propia a través de intermediación laboral e titorías personalizadas, asegurando condicións laborais adecuadas e emprego de calidade.

A proposta de empregar un convenio de colaboración como instrumento xurídico fronte a un procedemento de concorrencia está debidamente xustificada atendendo a diversos factores clave que se detallan a continuación:



Representatividade dos interlocutores sociais e empresariais

O convenio delimitase á participación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia, que forman parte do Diálogo Social en Galicia: UGT-Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Estas entidades actúan a través das súas seccións específicas vinculadas ao sector industrial, tales como UGT-FICA – Industria, Construción e Agro Galicia, CCOO de Industria Galicia, a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (ASIME) e a Confederación de Empresarios da Coruña (CEC).

Estas organizacións, xunto coa Xunta de Galicia, aseguran unha xestión conxunta e eficiente do proxecto, dado que:

- Dispoñen de experiencia en plans de formación e capacitación. En concreto, contan cunha traxectoria contrastada no deseño, organización e execución de programas formativos destinados tanto a persoas desempregadas como a traballadoras do sector industrial e as súas tecnoloxías asociadas.
- Dispoñen de capacidade para obxectivar a situación dos sectores emerxentes. A súa condición de organizacións representativas de intereses sociais permite acceder a un profundo coñecemento da situación sociolaboral de Galicia, tanto a nivel rexional como global, o que resulta fundamental para orientar adecuadamente as políticas de emprego.
- A súa participación é necesaria na elaboración e aplicación de políticas de promoción do Emprego. A colaboración destas entidades é esencial para garantir que as medidas adoptadas sexan coherentes coas necesidades reais do mercado laboral e da sociedade galega.

Xustificación xurídica e interese público

A utilización do convenio de colaboración fronte a un procedemento de concorrència pública queda plenamente xustificada en virtude do previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste sentido, dáse cumprimento aos seguintes requisitos:

- Carácter singular da axuda: A especificidade do obxecto do convenio fai inviable a súa convocatoria pública.
- Interese público, social e económico: A actuación conxunta entre a Xunta de Galicia e os axentes sociais máis representativos permite ofrecer unha resposta eficiente á necesidade de mellorar a empregabilidade das persoas afectadas por estes peches.
- Dificultade dunha convocatoria pública: A participación de entidades con experiencia contrastada e acceso directo ao coñecemento da situación sociolaboral da Comunidade Autónoma garante unha resposta específica e



adaptada á realidade das persoas destinatarias, o que non podería acadarse mediante un procedemento de concorrencia.

Especificidade dos destinatarios

Os destinatarios últimos desta colaboración son aquelas persoas traballadoras (actualmente empregadas ou desempregadas) que procedan de empresas afectadas, directa ou indirectamente, polos peches das centrais térmicas das Pontes de Garcia Rodríguez e Meirama e residentes na provincia de A Coruña, priorizándose en tódolos casos:

1. Os municipios nos que se situaban as centrais: Cerceda e As Pontes
2. Os municipios previstos nos Protocolos de actuación dos Convenios de Transición Xusta de Galicia: Meirama e As Pontes (salvo os tres concellos da provincia de Lugo, que quedarían excluídos), sendo un total de 16 municipios prioritarios: Cabanas, A Capela, Cerdido, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Ortigueira, As Pontes, San Sadurniño, As Somozas, Carral, Cerceda, A Laracha, Ordes e Tordoia

Estas persoas requiren dunha recualificación ou dunha mellora das súas competencias para facilitar a súa reinserción no mercado laboral, especialmente en sectores emerxentes.

Neste senso, a integración de axentes sociais (sindicatos) e empresariais permite que a participación das persoas beneficiarias sexa máis completa e precisa. Mentres os sindicatos contan con experiencia directa no acompañamento de persoas traballadoras, especialmente aquelas afectadas por procesos de reestruturación industrial e teñen un coñecemento profundo das necesidades dos traballadores e traballadoras, as organizacións empresariais teñen un contacto directo co tecido produtivo e coas demandas específicas das industrias, especialmente en sectores clave como as enerxías renovables e a industria dixital o que lles permite identificar as oportunidades de emprego e os perfís profesionais máis demandados.

Este enfoque participativo fortalece a lexitimidade e eficacia das actuacións do proxecto, atendendo tanto os intereses das persoas traballadoras como os das empresas da área de actuación.

En consecuencia, o convenio de colaboración preséntase como o instrumento xurídico máis axeitado para acadar os obxectivos propostos, garantindo unha resposta eficiente, eficaz e adaptada ás necesidades reais do tecido sociolaboral galego.

SEGUNDA.- Accións a realizar



O Plan de Actuacións Integral (PAI) As Pontes de García Rodríguez- Meirama contempla a realización de distintas accións para a procura da inserción laboral das persoas beneficiarias do mesmo, polo que para o período 2025-2028 compre a realización das seguintes actuacións ou medidas:

1. Acollida e diagnose sociolaboral das persoas beneficiarias: Acollida das persoas traballadoras que cumpran os requisitos, co obxectivo de informarlles das accións que se van a levar a cabo e realizarlles unha diagnose sociolaboral inicial

2. Medidas de Sensibilización: Talleres informativos que servirán de base para encamiñar a participación das persoas beneficiarias dentro das accións incluídas no proxecto.

3. Programa de Orientación laboral personalizado: Co obxectivo de mellorar as habilidades das persoas beneficiarias en relación coa procura activa de emprego, levaranse a cabo sesións personalizadas de: Orientación por conta allea e orientación para o autoemprego.

4. Programa de formación profesional a medida: Programa formativo que dotará ás persoas traballadoras dunha maior empregabilidade, ben a través dunha recualificación profesional ou ben mediante un incremento das súas competencias.

Posto que a transición está a provocar cambios significativos nunha ampla gama de sectores, farase fincapé na formación nos múltiples aspectos asociados ás tecnoloxías verdes, eficiencia enerxética e á dixitalización dos procesos que se consideran claves para abordar a capacitación, mellora de competencias e a reciclaxe profesional das persoas traballadoras que poidan verse afectadas por esta transición.

Así mesmo, realizaríase un estudo detallado, co fin de poder determinar as necesidades formativas en sectores que teñan un índice alto de inserción para, posteriormente, establecer liñas de axudas en consonancia coas citadas necesidades formativas, atendendo a aquelas demandas non cubertas pola formación programada polas empresas. O estudo comprenderá a elaboración de perfís e competencias profesionais de cada sector analizado así como o deseño da oferta formativa segundo eses perfís e competencias, de modo que se poida implantar unha formación á carta segundo as necesidades dos sectores produtivos e que permita así cualificarse ou recualificarse e dispoñer de recursos humanos capacitados que teñan as maiores oportunidades de acceder e/o manterse no mercado laboral.

No marco deste programa, levarase a cabo:

- 4.1. Formación en competencias básicas
- 4.2. Formación Transversal



- 4.3. Formación de especialización dentro do sector das enerxías renovables, medio ambiente e dixitalización
- 4.4. Formación de recualificación profesional noutros sectores emerxentes e sectores tradicionais inmersos en procesos de innovación
- 4.5. Formación en autoemprego: Escola de emprendedores e Asesoría do emprendedores

5. Apoio á recolocación: Asistencia na procura de emprego ou no establecemento por conta propia. En concreto, levarase a cabo un proceso de intermediación laboral (apoiado á incursión no mundo laboral)

6. Seguimento personalizado no emprego: No caso das persoas participantes que consigan a reincorporación ao mercado laboral por conta allea ou ben de maneira autónoma, proporcionaráselles titorías personalizadas nas que se verificarán as condicións de emprego.

En concreto, as **actividades conveniadas** serán:

- 1. Acolida e diagnose sociolaboral das persoas beneficiarias
- 2. Medidas de Sensibilización
- 3. Programa de Orientación laboral personalizado
- 4. Programa de formación profesional a medida:
 - 4.1. Formación en competencias básicas
 - 4.2. Formación Transversal
 - 4.3. Formación de especialización dentro do sector das enerxías renovables, medio ambiente e dixitalización (*Neste caso do orzamento total do programa tan só se conveniará unha parte*)
- 5. Apoio á recolocación
- 6. Seguimento personalizado no emprego

Para unha eficaz execución das accións, o reparto das actividades a levar a cabo e do presuposto por cada entidade beneficiaria será o seguinte:



Accións propostas	Sub-accións	Beneficiarios	Coste estimado persoa	Coste total	Entidade	Anualidade 2025	Personas atendidas 2025	Anualidade 2026	Personas atendidas 2026	Anualidade 2027	Personas atendidas 2027	Anualidade 2028	Personas atendidas 2028	TOTAL 2025- 2028	INDICADOR 2025-2028
1. Acolllida e diagnose sociolaboral das persoas beneficiarias	1. Acolllida e diagnose sociolaboral das persoas beneficiarias	900	199,77 €	179.792,32 €	ASIME	16.647,44 €	83	13.317,95 €	67					29.965,39 €	150
					CEC	16.647,44 €	83	13.317,95 €	67					29.965,39 €	150
					UGT	33.294,87 €	167	26.635,90 €	133					59.930,77 €	300
					CCOO	33.294,87 €	167	26.635,90 €	133					59.930,77 €	300
2. Medidas de sensibilización	2. Medidas específicas de sensibilización	500	250,00 €	125.000,00 €	ASIME	12.500,00 €	50	8.333,33 €	33					20.833,33 €	83
					CEC	12.500,00 €	50	8.333,33 €	33					20.833,33 €	83
					UGT	25.000,00 €	100	16.666,67 €	67					41.666,67 €	167
					CCOO	25.000,00 €	100	16.666,67 €	67					41.666,67 €	167
3. Programa de Orientación laboral personalizado	3. Programa de Orientación	900	500,00 €	450.000,00 €	ASIME	33.333,33 €	67	25.833,33 €	52	10.833,33 €	22	5.000,00 €	10	74.999,99 €	151
					CEC	33.333,33 €	67	25.833,33 €	52	10.833,33 €	22	5.000,00 €	10	74.999,99 €	151
					UGT	66.666,67 €	133	51.666,67 €	103	21.666,67 €	43	10.000,00 €	20	150.000,01 €	299
					CCOO	66.666,67 €	133	51.666,67 €	103	21.666,67 €	43	10.000,00 €	20	150.000,01 €	299
4. Programa de Formación profesional a medida	4.1. Formación en competencias básicas	300	920,00 €	276.000,00 €	ASIME	31.500,00 €	34	37.500,00 €	41					69.000,00 €	75
	4.2. Formación transversal				CEC	31.500,00 €	34	37.500,00 €	41					69.000,00 €	75
	4.3. Formación de especialización dentro do sector das enerxías renovables, medio ambiente e dixitalización				UGT	63.000,00 €	68	75.000,00 €	82					138.000,00 €	150
5. Apoio á recolocación	5. Apoio á recolocación	495	500,00 €	247.500,00 €	ASIME	5.625,00 €	11	15.625,00 €	31	12.500,00 €	25	7.500,00 €	15	41.250,00 €	82
					CEC	5.625,00 €	11	15.625,00 €	31	12.500,00 €	25	7.500,00 €	15	41.250,00 €	82
					UGT	11.250,00 €	23	31.250,00 €	63	25.000,00 €	50	15.000,00 €	30	82.500,00 €	166
					CCOO	11.250,00 €	23	31.250,00 €	63	25.000,00 €	50	15.000,00 €	30	82.500,00 €	166
6. Seguimiento personalizado no emprego	6. Seguimiento personalizado no emprego	405	250,00 €	101.250,00 €	ASIME			6.416,67 €	26	5.458,33 €	22	5.000,00 €	20	16.875,00 €	68
					CEC			6.416,67 €	26	5.458,33 €	22	5.000,00 €	20	16.875,00 €	68
					UGT			12.833,33 €	51	10.916,67 €	44	10.000,00 €	40	33.750,00 €	135
					CCOO			12.833,33 €	51	10.916,67 €	44	10.000,00 €	40	33.750,00 €	135
SUBTOTAL ACCIÓNs PERSONALIZADAS				1.508.942,32 €			534.634,62 €		631.857,70 €		237.450,00 €		105.000,00 €		1.508.942,32 €



As actividades deberán ser desenvoltas segundo a Memoria do Proxecto, anexada ao presente convenio, e baixo a supervisión da Comisión de Seguimento descrita na cláusula novena do presente Convenio de Colaboración. A Comisión de Seguimento velará polo cumprimento do número de persoas atendidas da táboa anterior atendendo á proporción do orzamento de cada entidade.

TERCEIRA.- Ámbito de aplicación e vixencia do convenio

O presente convenio de colaboración terá vixencia desde o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2028 e abranguerá todas as actuacións sinaladas na cláusula segunda do presente convenio, desenvolvidas no ámbito territorial da Coruña que sexan obxecto das correspondentes subvencións e que se realicen no período comprendido entre o 01 de maio de 2025 e o 30 de novembro de 2028

CUARTA.- Financiamento das actuacións

O importe total das subvencións que concederá a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o desenvolvemento das actuacións previstas na cláusula segunda do presente convenio será de 1.508.942,32 euros, dos cales 534.634,62 euros correspóndese coa anualidade 2025, 631.857,70 euros coa anualidade 2026, 237.450,00 euros coa anualidade 2027 e 105.000,00 euros coa anualidade 2028.

A actuación será cofinanciada nunha porcentaxe do 70 % pola Unión Europea no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 e, en particular, no obxectivo político 8 "Facer posible que as rexións e as persoas afronten as repercusións sociais, laborais, económicas e medioambientais da transición hacia os obxectivos da Unión para o ano 2030 en materia de enerxía e clima e unha economía da Unión climáticamente neutra de aquí a 2050, co arranxo ao Acordo de París"; Prioridade 2 "A Coruña" ; obxectivo específico JSO8.1. "Facer posible que as rexións e as persoas afronten as repercusións sociais, laborais, económicas e medioambientais da transición hacia os obxectivos da Unión para o ano 2030 en materia de enerxía e clima e unha economía da Unión climáticamente neutra de aquí a 2050, conforme ao Acordo de París" e tipo de operación "CO6. Impulso a infraestruturas sociais, a economía social e iniciativas de formación e cualificación" . Así mesmo o 30% restante será asumido con fondos propios da Xunta de Galicia.

Ao tratarse dunha actuación cofinanciada pola Unión europea, é de aplicación e darase debido cumprimento ao Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, (RDC) polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao



Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados; ao Regulamento (UE) 2021/1056 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo de Transición Xusta; e a Orde HFP/1414/2023, de 27 de decembro, pola que se aproban as nomas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional e Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

Do orzamento da anualidade 2025 a CEC lle corresponderá un máximo de 99.605,77 euros, á ASIME un máximo de 99.605,77 euros, á UGT-FICA un máximo de 199.211,54 euros e á CCOO de Industria Galicia un máximo 136.211,54 euros.

Do orzamento da anualidade 2026 a CEC lle corresponderá un máximo de 107.026,28 euros, á ASIME un máximo de 171.726,28 euros, á UGT-FICA un máximo de 214.052,57 euros e á CCOO de Industria Galicia un máximo 139.052,57 euros.

Do orzamento da anualidade 2027 a CEC lle corresponderá un máximo de 28.791,67 euros, á ASIME un máximo de 93.491,67 euros, á UGT-FICA un máximo de 57.583,33 euros e á CCOO de Industria Galicia un máximo 57.583,33 euros.

Do orzamento da anualidade 2028 a CEC lle corresponderá un máximo de 17.500,00 euros, á ASIME un máximo de 17.500,00 euros, á UGT-FICA un máximo de 35.000,00 euros e á CCOO de Industria Galicia un máximo 35.000,00 euros.

Criterio para o reparto

No caso das actividades transversais (Acollida e diagnose sociolaboral, Medidas específicas de sensibilización, Programa de Orientación, Prospección laboral e Seguimento personalizado no emprego), o reparto económico reflicte unha distribución equitativa entre as partes implicadas. O orzamento total divídese en tres partes iguais asignadas a UGT, CCOO e a parte empresarial, sendo esta última repartida de maneira igualitaria entre as entidades ASIME e CEC.

O criterio de reparto empregado para a formación transversal e o mesmo que o empregado para as actividades transversais, salvo que neste caso, CCOO non entra dentro do reparto ao rexeitar xestionar a formación. En consecuencia o 50% do orzamento total é asignado a UGT mentres que o restante 50% se distribúe de maneira equitativa entre a parte empresarial, representada por ASIME e CEC.



Por último, no caso da formación de especialización dentro do sector das enerxías renovables, medio ambiente e dixitalización, a totalidade dos fondos destínase a ASIME, debido á súa especialización e experiencia no sector industrial e tecnolóxico.

Cumpre salientar que o reparto económico é aprobado unanimemente polas entidades colaboradoras.

Para acadar o importe máximo establecido para cada unha das tarefas, as entidades asinantes do convenio deberán asegurar a consecución do número de persoas atendidas reflectidas no cadro anterior.

Os custos totais financiáveis non poderán superar o custo total establecido para cada unha das actuacións. En caso de non cumprirse o gasto total previsto no orzamento asignado, a subvención reducirase na contía que corresponda pola parte do orzamento non executado.

A achega financeira para os anos 2025-2028 será con cargo á aplicación orzamentaria de gasto 14.02.324A.481.3 código de proxecto 2024 00072

QUINTA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables, ao abeiro do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido, e considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación establecido na cláusula sexta do presente convenio. En todo caso, deberán respectar o disposto no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados; no Regulamento (UE) 2021/1056 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo de Transición Xusta e na Orde HFP/1414/2023, de 27 de decembro, pola que se aproban as normas dos gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.



Así mesmo, estes pagos deberán referirse a **actuacións desenvoltas entre o 01 de maio de 2025 e o 30 de novembro de 2028.**

Atendendo á Orde HFP/1414/2023, de 27 de decembro, e para os efectos de xustificación, terán a consideración de gastos subvencionables:

Custos de persoal e custos de servizos prestados por persoal externo

1. Os custos de persoal serán subvencionables na medida en que se incorreu neles efectivamente e se xustifiquen mediante os correspondentes documentos acreditativos do gasto e do pago.
2. Só serán subvencionables os gastos do persoal que, estando relacionado coa operación, sexa necesario para a súa execución.
3. Considéranse custos de persoal subvencionables os custos brutos de emprego do persoal do beneficiario. Estes gastos inclúen:
 - a) Os soldos e salarios fixados nun contrato de traballo, nunha decisión de nomeamento («acordo laboral») ou na lei, que teñan relación coas responsabilidades especificadas na descrición do posto de traballo correspondente;
 - b) e outros gastos soportados directamente polo empregador como cotizacións sociais, achegas a plans de pensións, así como outras prestacións en favor dos traballadores que sexan obrigatorias en virtude de lei ou convenio ou habituais atendendo aos usos do sector e sempre que non sexan recuperables.Os custos das viaxes, indemnizacións ou dietas non teñen natureza de gastos de persoal, sen prexuízo de que poidan ser subvencionables.
4. Serán subvencionables os custos derivados de contratos de servizos prestados por persoal externo sempre que os devanditos custos poidan identificarse claramente.
5. Os custos de persoal correspondentes a persoas que traballan a tempo parcial na operación poderán calcularse como unha porcentaxe fixa dos custos salariais brutos, de acordo con unha porcentaxe fixa de tempo traballado na operación ao mes, sen a obrigación de establecer un sistema independente de rexistro do tempo de traballo. O empregador emitirá un documento para os empregados no que se establecerá esta porcentaxe fixa de tempo. Este documento debe emitirse e ser coñecido polos empregados antes de que empece a contar o período no que vaian incorrerse os custos aos que poida afectar.

Outros gastos directos

1. Gastos de desprazamentos do devandito persoal sempre que se correspondan de maneira indubitada á operación cofinanciada. É necesario achegar xustificación do desprazamento realizado e detallar o motivo do mesmo. Admitirase a



presentación de facturas de gasto efectivamente realizado ou a certificación das dietas percibidas.

Para os gastos de viaxe deben facerse ademais as seguintes consideracións:

- a) As viaxes teñen que ser realizados polo roteiro máis directo e económico;
- b) Os gastos imputables nesta rúbrica han de ser moderados; No caso das dietas, estas estarán limitadas ás establecidas nos convenios colectivos de aplicación.
- c) As dietas son unipersoais
- d) Co obxectivo de xustificar os quilómetros realizados, é necesario indicar o percorrido completo do desprazamento, mesmo cando este sexa dentro de una mesma comarca

2. Bens consumibles e funxibles empregados nas accións formativas

3. Seguros de responsabilidade civil

4. Materiais didácticos: guías, documentación para o participante, etc

5. Gastos de difusión e publicidade (carteis, anuncios, folletos, ou similares)

Gastos derivados das subcontratacións. A execución de actividades subcontratadas será elixible a condición de que as ditas actividades non poidan ser executadas de maneira directa polas entidades asinantes do presente convenio, ou se a súa realización por terceiros resulta máis transparente e/ou económica. Por tanto, os gastos derivados das subcontratacións serán subvencionables se a externalización supón unha maior transparencia ou eficacia na execución da actividade e baixo o cumprimento das normas de contratación pertinente. Cumpre sinalar que no caso das subcontratacións terase en conta a cláusula décimo terceira do presente convenio.

SEXTA.- Xustificación e pagamento

A **xustificación das subvencións** percibidas no marco do presente convenio efectuarase por parte de cada unha das entidades asinantes coa data límite do día 15 de decembro de 2028.

As entidades deberán presentar certificacións de gastos parciais con data límite:

- 15 de decembro de 2025
- 31 de xullo de 2026
- 15 de decembro de 2026
- 31 de xullo de 2027
- 15 de decembro de 2027
- 31 de xullo de 2028
- 15 de decembro de 2028



Con cada solicitude de pago deberá achegarse un informe explicativo das actividades desenvoltas con cargo ao gasto certificado.

A relación completa de gastos presentarse en **soporte electrónico** á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Tal e como establece a Lei de Subvencións de Galicia, os custos totais financiáveis non poderán superar o custo total establecido para estas actuacións. Así mesmo, no caso de non cumprirse o número de persoas atendidas previstas, establecido na cláusula segunda do presente convenio para cada unha das anualidades, accións e entidades, a subvención reducirase proporcionalmente na contía que corresponda.

Para os efectos de valorar a efectividade das actuacións subvencionadas, as entidades asinantes deste convenio achegarán á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, unha memoria anual de actividades que inclúa todas as actuacións desenvolvidas, así como os perfís dos/as participantes (idade, xénero, nivel de estudos).

Poderanse realizar **pagamentos anticipados** que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio. Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% do importe para cada unha das anualidades. De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

Por outra banda, cumpre sinalar que para proceder ao pagamento da subvención, cada unha das entidades beneficiarias deberá presentar a acreditación de cada gasto mediante as facturas, nóminas ou xustificantes correspondentes, orixinais ou copias compulsadas acompañadas dos xustificantes de pagamento bancario destas. Todas as facturas, nóminas e xustificantes presentados deberán estar referidas de forma inequívoca á entidade subvencionada e ao período que abrangue a subvención.

En concreto, terase en conta o seguinte:

1. Só deben contabilizarse os gastos efectivamente realizados, é dicir que fosen realmente pagos, xa que non serán considerados como admitidos ata ese momento.



Segundo o Art. 29.2 da LSG considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado (15 de decembro de 2028)

Así mesmo, considerarase como gasto realizado en prazo os ingresos a conta do IRPF ou cotas da Seguridade Social liquidables con posterioridade á data de execución. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A entidade deberá presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao final dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

2. Só poderán contabilizarse aqueles gastos para os que se dispoña de facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente.
3. Xunto coas facturas, contratos, etc. deberanse conservar todo tipo de soporte documental que xustifique o devandito gasto en relación ao proxecto. Considerarase como válida, en función do tipo de gasto, a documentación seguinte:

I. Documentación Xenérica

- Certificado de estar ao corrente no pagamento de obrigas coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal e Administración Tributaria e coa Axencia Tributaria de Galicia
- Declaración de non xeración de ingresos (no seu caso)
- Declaración da obtención doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas concedidas para a mesma finalidade, de acordo co disposto na cláusula décimo cuarta do presente convenio
- Memoria de actividades

II. Gastos de persoal

- Contrato de traballo
- Documento de asignación de persoal da entidade. Esta designación deberá ser previa á realización das tarefas ás que se refira e nela hanse de reflectir tanto o tempo de dedicación estimado como as actividades nas que participará.
- Nóminas do traballador
- RNT (Relación Nominal de Traballadores) e o xustificante de pago ou RLC (Relación de liquidación de cotizacións)
- Modelo 111 de IRPF co detalle por traballador



- Xustificante de pago da nómina: Xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados de acordo con a normativa aplicable aos fondos europeos
- Xustificante de pago das correspondentes cargas sociais e retencións fiscais que realiza o empregador: Xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados de acordo con a normativa aplicable aos fondos europeos

Así mesmo, no caso das persoas que sexan contratadas especificamente para o proxecto, aportarase adicionalmente:

- Anuncio de oferta de emprego garantindo a transparencia, a publicidade e libre concorrencia
- Expediente de contratación ou outra documentación que servise de base para tomar a decisión de contratación
- Contrato de traballo onde figure de forma expresa a vinculación co proxecto

Por último, para o caso do persoal externo deberá presentarse factura ou documento con valor probatorio equivalente.

III. Viaxes e aloxamento

- Evidencia da asistencia: Certificado de asistencia, folla de firmas, fotografías, etc.
- Xustificantes do gasto: Facturas ou documentos con valor probatorio equivalente
- Parte/folla de viaxe
- Xustificantes de pago: Xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados de acordo con a normativa aplicable aos fondos europeos
- Regulamento que regula a limitación de dietas (convenio colectivo de aplicación)

IV. Subcontratacións

A xustificación das actividades subcontratadas realizarase mediante a presentación do documento suscrito entre a entidade subvencionada e a/s entidade/es subcontratada/s, no que necesariamente deberá reflexarse a especificación das actividades que se subcontraten, a súa duración e o importe da subcontratación. En todo caso haberá de contarse coa/s correspondente/s factura/s de gasto e xustificantes de pagamento. Aí mesmo, aportarse:

- Expediente de contratación completo
- Contrato no que aparezan as condicións do mesmo (no seu caso)



- Xustificante do gasto: Facturas ou documentos con valor probatorio equivalente emitidas pola entidade subcontratada á entidade beneficiaria, na que se especifique claramente o proxecto cofinanciado así como a desagregación dos gastos (persoal, material, etc)
- Xustificantes do pago: Xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados de acordo con a normativa aplicable aos fondos europeos
- Soporte documental que ampara a factura (no seu caso)

VI. Evidencias ou xustificación documental das actividades personalizadas levadas a cabo

Documentación acreditativa das persoas participantes

- Listado de persoas destinatarias finais onde figure a empresa da que proceden, acompañado da documentación acreditativa necesaria para comprobar o cumprimento do requisito de vinculación co peche das centrais térmicas de As Pontes e Meirama.
- Certificación ou declaración pola entidade beneficiaria da relación de persoas que participaron en cada acción conveniada, indicando para cada persoa o período de permanencia e as horas totais reais de asistencia
- Informe de vida laboral das persoas participantes nas accións, co obxecto de xustificar a vinculación coas centrais térmicas pechadas

Acollida e Diagnóstico inicial

Chamadas telefónicas

- Rexistro de chamadas e identificación na factura de teléfono
- Ficha de adhesión cumprimentada e asinada
- Ficha complementaria relativa ao nivel de estudos e formación

Eventos presenciais / en liña

- Evidencias da difusión do evento (correo electrónico, notas de prensa, #etc)
- Folla de firmas de asistentes // Rexistro en liña de persoas participantes (listaxe de conexión de usuarios que xera a aplicación informática utilizada para a sesión en liña)
- Fotografías do evento // Pantallazo da sesión en liña onde se reflecta a data e a hora da acción, e o número definitivo de rexistrados conectados.
- Ficha de adhesión cumprimentada e asinada
- Ficha complementaria relativa ao nivel de estudos e formación

Reunións presenciais na sede da entidade

- Folla de firmas onde se reflectan os temas abordados
- Ficha de adhesión cumprimentada e asinada



- Ficha complementaria relativa ao nivel de estudos e formación

Orientación laboral

- Ficha socio- laboral cumprimentada e actualizada
A ficha debe ser actualizada conforme se vaia avanzando no proxecto. Ao finalizar o proxecto a ficha debe estar completamente cumprimentada, actualizada e asinada polo orientador/a.
- Rexistro das sesións de orientación onde se especifique a data, temas abordados, medio de verificación que poderá ser: telefónico, en liña ou presencial. Segundo o medio de verificación, presentaranse as seguintes evidencias:
 - Telefónico: rexistro de chamada onde figure a duración da mesma
 - En liña: correo electrónico, evidencia da reunión en liña (Pantallazo da sesión en liña onde se reflicta a data e a hora da acción, e o número de persoas conectadas).
 - Presencial: Folla de firmas

Programa de formación

- Contido do curso
- Partes de asistencias presencial// Rexistro en liña de persoas participantes (listaxe de conexión de usuarios que xera a aplicación informática utilizada para a sesión en liña)
- Recibín de material (no seu caso)
- Cuestionarios de avaliación
- Fotografías do curso // Pantallazo da sesión en liña onde se reflicta a data e a hora da acción, e o número definitivo de rexistrados conectados.
- Cartel do curso

Apoio á recolocación

Neste caso, entenderase que un usuario acóllese á actividade apoio á recolocación cando se acredite a intermediación laboral e, no seu caso, a inserción efectiva. Por iso, a documentación para achegar será:

- Prospección laboral // Ficha visita a empresa // Contacto da entidade coa empresa ofertante ou localización da oferta de emprego
- Comunicación da oferta de emprego á persoa beneficiaria (correo electrónico, ou medio probatoria equivalente)
- Evidencias de que a oferta comunicada á persoa usuaria se adecúa ao seu perfil socio laboral ou ao que o/a usuario/a busca.
- Autorización expresa do envío de CV por parte da persoa beneficiaria (no seu caso)
- Evidencia do envío de CV á empresa ofertante (no seu caso)



- Evidencia da inserción efectiva (contrato de traballo que teña unha duración mínima de 1 mes, contrato fixo-descontinuo ou documento equivalente, por exemplo a vida laboral) no caso da inserción efectiva

Seguimento no emprego

- Documento que certifique que a inserción laboral do usuario por conta allea ou o alta do usuario no réxime de autónomos foi posterior á data de adhesión ao proxecto (Contrato de traballo // Alta como autónomo// Vida laboral...)
- Documento que certifique que ao realizar o seguimento no emprego, o usuario continua dado de alta (Contrato de traballo//Vida laboral// Nómina//Pago do RETA//#Etc)
- Cuestionario de seguimento no emprego cumprimentado (*Sinalar que se cumprimentará un cuestionario por cada contacto de seguimento existente*)
- Rexistro das sesións de seguimento onde se especifique a data, temas abordados, medio de verificación que poderá ser: telefónico, en liña ou presencial. Segundo o medio de verificación, presentaranse as seguintes evidencias:
 - Telefónico: rexistro de chamada onde figure a duración da mesma
 - En liña: correo electrónico, evidencia da reunión en liña (Pantallazo da sesión en liña onde se reflicta a data e a hora da acción, e o número de persoas conectadas).
 - Presencial: Folla de firmas

SÉTIMA.- Requisitos e Obrigas

As entidades beneficiarias deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu Regulamento.

Así mesmo, as entidades beneficiarias da subvención, estarán suxeitas ao cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como ao cumprimento da normativa comunitaria aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, o Regulamento (UE) 2021/1056, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo de Transición Xusta e a Orde HFP/1414/2023, de 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.



Infórmase ás entidades beneficiarias de que a aceptación da axuda supón a publicación na lista de operacións que se publique nos termos establecidos no artigo 49.3 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021

As entidades asinantes do presente Convenio, conforme ao disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumen as seguintes obrigas:

- a. Executar os Programas de apoio á reinserción laboral e realizar as actividades que fundamentan a sinatura do presente convenio de colaboración.
- b. Xustificar ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración o cumprimento dos requisitos e condicións inherentes ao presente convenio.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación que vai efectuar a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control financeiro competentes, como é a Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública, e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d. Comunicarlle á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e. Acreditar que están ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.
- f. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g. Conservar os documentos xustificativos da subvención concedida, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h. Adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula décima
- i. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- j. Garantir a trazabilidade das actividades desenvolvidas pola persoa participante no marco do proxecto
- k. Respetar os principios de: transparencia na forma de adxudicación dos contratos, publicidade dos encargos e condicións e libre concorrència de ofertas para fornecer os bens e/o servizos.



1. -Subministrar à Administración, en virtude do disposto no artigo 4.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da dita Lei por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

As partes asinantes deste convenio estarán sometidas ás seguintes obrigas específicas derivadas da cofinanciación europea:

- Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con fondos do Programa do FTX de España 2021-2027
- Conservar todos os documentos xustificativos relacionados coa operación que reciba axuda do FTX durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión do Programa do FTX de España 2021-2027 efectúe o último pagamento ao beneficiario do fondo, nos termos establecidos no artigo 82 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración; ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do Programa do FTX de España 2021-2027, nos termos establecidos no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021, que incorporarán as correspondentes visitas sobre o terreo; ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas; ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento da prestación que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de realización e de resultados previstos no artigo 12 do Regulamento (UE) 2021/1056.
Os indicadores de realización relativos a cada persoa participante refírense á data inmediatamente anterior ao inicio da vinculación do/a dito/a participante coa actuación cofinanciada, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior a finalización da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación. Así mesmo, a Administración poderá requirir en calquera



momento novos datos relativos á data na que se cumpran os seis meses desde que finalice a vinculación do participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito Regulamento.

Para estes efectos, facilitarase á entidade beneficiaria o acceso á aplicación Participa2127 (<https://participa2127.conselleriadefacenda.gal/Participa2127>) e os oportunos cuestionarios, que terán que respectar o principio de integridade dos datos.

Para dar cumprimento a estes requisitos de información, as entidades beneficiarias deberán introducir os datos dos indicadores de realización e de resultados das persoas participantes na aplicación informática Participa 2127.

- Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer ditos feitos en coñecemento do Servicio Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención General de la Administración del Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada ao efecto e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, de 3 de abril, do citado Servizo, no seguinte enderezo: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>
En tanto non se habilite outra canle específica para o Programa do FTX de España 2021-2027, os devanditos feitos poderán poñerse en coñecemento a través da seguinte: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

OCTAVA.- Seguimento das accións

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, resérvase a facultade de realizar accións tendentes ao seguimento e control das actuacións convidadas. Para conseguir unha eficaz coordinación, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e cada unha das entidades beneficiarias identificarán os seus respectivos interlocutores.

As entidades beneficiarias asinantes do presente convenio están suxeitas ao réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións, de conformidade co previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.



NOVENA.- Comisión de Seguimento

Crearase unha Comisión de Seguimento do presente Convenio que estará composta por unha ou dúas persoas representantes de cada entidade asinante do convenio e se reunirá polo menos unha vez ao mes durante a vixencia deste, para a súa avaliación e coordinación, así como para incorporar modificacións e/ou posibles correccións necesarias para unha axeitada xestión das actuacións previstas.

A Comisión de Seguimento velará polo cumprimento do número de persoas atendidas previstas para cada entidade na cláusula segunda do presente convenio, podendo aprobar reducións do orzamento asignado para cada entidade sempre no caso de non acadar os niveis establecidos. Para o cálculo da posible redución aplicarase a regra de proporcionalidade do número de persoas atendidas esperado fronte ao conseguido.

De selo caso, as reprogramacións orzamentarias entre actividades das entidades, así como a variación do número de persoas atendidas deberá ser aprobado por unanimidade pola Comisión de Seguimento.

Por outra banda, segundo o artigo 47 da lei 4/2024 do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, **a modificación de convenios** que fosen previamente autorizados polo Consello da Xunta de Galicia, **non precisará de autorización previa do Consello** cando a modificación non supoña unha alteración do obxecto nin conleve incremento do importe total das obrigacións de contido económico asumidas ou do número de exercicios orzamentarios aos que se imputan ditas obrigacións. Ase mesmo, a distribución do importe correspondente a cada exercicio deberá respectar os límites aos que fai referencia o artigo 58.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Neste senso, de acordo coas normas legais e orzamentarias vixentes, para incorporar o crédito non executado das anualidades á anualidade seguinte, tan só se requirirá acordo unánime da Comisión de Seguimento.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMA.- Divulgación e publicidade



As entidades beneficiarias deberán cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021. En particular, de conformidade cos artigos 47 e 50 do devandito Regulamento, nos espazos nos que se desenvolvan as actuacións contarán co emblema da Unión Europea xunto coa declaración 'Cofinanciado pola Unión Europea'.

Igualmente, nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a operación nun lugar ben visible para o público.

Tamén se fará unha breve descrición da actuación na páxina web e nas contas nos medios sociais, no caso de dispoñer delas, mencionando os obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión Europea. Ademais, en todos os documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da actuación, destinados ao público ou ás persoas participantes, proporcionarase unha declaración que saliente a axuda da Unión Europea de xeito visible.

Os locais onde se desenvolvan as actuacións comprometidas neste convenio deberán atoparse debidamente identificados e sinalizados cos logotipos corporativos da Xunta de Galicia e da Unión Europea

As entidades asinantes tamén están obrigadas a informar as persoas destinatarias de que as actuacións en que participan están cofinanciadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración - Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais) e pola Unión Europea. Os emblemas deberán figurar, como mínimo, en todo o material e nos documentos que se utilicen ou entreguen ás usuarias ou participantes.

As entidades asinantes consenten en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios a achega outorgada por medio do presente convenio, de acordo co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade e inscrición de rexistros



A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto)

DÉCIMO SEGUNDA.-Disponibilidade dos resultados e conclusións das actuacións realizadas

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración terá libre acceso aos datos, resultados e conclusións que se deriven das accións e estudos realizados no marco deste convenio, e poderá utilizalos no exercicio das súas propias funcións e competencias.

DÉCIMO TERCEIRA.- Subcontratación

- As entidades asinantes do presente convenio poderán subcontratar, por unha soa vez, a realización das actuacións previstas na cláusula segunda, tendo en conta que a subcontratación non pode supoñer un aumento do custo de execución establecido, e deberá ser realizada de acordo co establecido no **artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño**. Ademais, os subcontratistas deberán facilitarlle aos organismos de xestión, auditoría e control toda a información necesaria relativa ás actuacións subcontratadas. Esta subcontratación poderá chegar ata o 100% do importe da acción, cos límites previstos na cláusula segunda deste convenio.
- Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía establecida para o contrato menor recollida na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as entidades asinantes do presente convenio deberán solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto se realice con anterioridade á solicitude da subvención (art29.3. Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia)
- Acreditarase a necesidade de recorrer á contratación de servizos externos, determinando o traballo encomendado, a súa duración e o servizo que se vai a prestar, así como o sistema de coordinación coa entidade principal.
- En ningún caso, as entidades asinantes do presente convenio, poderán concertar a execución total ou parcial das actuacións previstas na cláusula



segunda con entidades ou persoas vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado, garantindo o cumprimento dos principios de transparencia, publicidade e libre concorrència así como a normativa comunitaria en materia de contratación pública.
 - b) Que se obteña a previa autorización da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais presentando memoria xustificativa para este efecto.
- Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe correspondente a cada un das entidades asinantes, establecido na cláusula cuarta, e sexa superior a 60.000 euros, procederase á subscripción dun contrato por escrito. Con carácter previo á firma do contrato, solicitarase, por escrito, autorización á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

DÉCIMO CUARTA.- Compatibilidade das axudas

1. De acordo co artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estas axudas son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no apartado seguinte.

2. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

3. Segundo o artigo 63.9 do RDC as actuacións do presente convenio poderá recibir axuda dun ou máis Fondos ou dun ou máis programas e doutros instrumentos da Unión. En tales casos, o gasto declarado nunha solicitude de pago para un dos Fondos non deberá declararse con ningún dos seguintes fins:

- a) para conseguir axuda doutro Fondo ou instrumento da Unión;
- b) para conseguir axuda do mesmo Fondo no marco doutro programa.

O importe do gasto que debe consignarse nunha solicitude de pago dun Fondo poderá ser calculado para cada Fondo e para o programa ou programas de que se trate a prorrata, de conformidade co documento no que se establezan as condicións da axuda.



DÉCIMO QUINTA.- Protección de Datos de Carácter Persoal e Confidencialidade

En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, a saber, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 Xeral de Protección de datos (RXPD), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, Regulamento de Desenvolvemento da LOPD (Real Decreto, 1720/2007, de 21 de decembro), compre establecer de forma transparente o fluxo de datos entre os asinantes do presente convenio.

O responsable do tratamento dos datos é a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión (“dereito ao esquecemento”), limitación do tratamento, portabilidade e de non ser obxecto de decisións individualizadas poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica desta Consellería, mediante o envío dunha comunicación á seguinte dirección: edificio administrativo San Caetano s/n 15781 Santiago de Compostela, ou a través <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Os datos persoais das persoas potencialmente beneficiarias ás que se dirixirán as actividades descritas neste Convenio serán utilizados para a xestión do proxecto, consistente na realización de accións destinadas a facilitar a súa reinserción laboral ou mellorar a súa empregabilidade.

Os datos das persoas mencionadas será tratados con total confidencialidade e aplicaranse as medidas de seguridade adecuadas, de tipo físico, técnico- lóxico e organizativo, para a protección dos datos persoais, e en particular daqueles considerados categorías especiais de datos.

Os datos persoais proporcionados se conservarán mentres estea en execución o proxecto.

A base legal para o tratamento dos datos é a execución do presente proxecto, e o cumprimento dunha misión en interese público, a saber, o cumprimento do Fondo de Transición Xusta que é un novo instrumento financeiro no ámbito da política de cohesión cuxo obxectivo é prestar apoio aos territorios que se enfrontan a retos socioeconómicos graves derivados do proceso de transición á neutralidade climática.



As entidades asinantes so poderán tratar os datos coa finalidade de dar cumprimento ao proxecto, podendo ser consideradas encargadas do tratamento por conta do responsable.

Estas entidades se obrigan a utilizar os datos persoais de conformidade co RGPD, e en particular deberán adoptar:

- Un rexistro de actividades de tratamento
- As medidas técnicas e organizativas de seguridade que se consideren necesarias, entre as que poden citarse a seudonimización ou o cifrado dos datos.
- As medidas que garantan a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos datos, así como a capacidade de restauración.

Ademais, estas entidades se obrigan a non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo autorización expresa do responsable do tratamento, debendo manter o deber de segredo e confidencialidade sobre os datos tratados, incluso mais alo do fin do proxecto. Tamén deberán formar ao seu persoal en materia de protección de datos, así como informar aos interesados sobre os dereitos que se mencionan nesta cláusula e demais información contida na mesma.

Por outra banda, tamén notificarán ao responsable do tratamento calquera violación da seguridade dos datos persoais nun prazo máximo de 36 horas, de conformidade co contido mínimo establecido no RGPD.

Así mesmo, as organizacións asinantes contarán cun delegado de protección de datos, que deberá figurar na información remitida aos interesados.

Calquera outra cesión deberá de aprobarse con carácter previo pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia. En concreto, serán comunicados á Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública, coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, control, coordinación, comunicación e avaliación do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, na súa condición de Organismo Intermedio, en virtude das funcións atribuídas pola Autoridade de Xestión segundo o disposto nos artigos 72.1.e), 73, 74 e 82 e nos Anexos XIV y XVII do Regulamento (UE) nº 2021/1060 e as súas disposicións de desenvolvemento



Non se realizarán outras cesións de datos persoais a outras entidades, salvo obriga legal. Tampouco se prevén transferencias internacionais de datos.

En todo caso, deberase informar a todas as persoas destinatarias das actividades do programa sobre o contido desta cláusula, así como que teñen dereito a obter a confirmación sobre si estamos a tratar os seus datos persoais (acceso), a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, de ser o caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. Tamén poderá solicitar a limitación do tratamento dos datos, así como a oposición ao tratamento e, de ser o caso, a súa portabilidade.

Tamén deberáselle informar que para exercer os seus dereitos deberán enviar unha solicitude ao enderezo indicado do responsable do tratamento, acompañada dunha fotocopia do seu documento nacional de identidade, pasaporte ou outro documento oficial válido e vixente.

Por último, se lles informará por parte dos asinantes do Convenio sobre a posibilidade de obter información adicional sobre os seus dereitos na páxina web da Agencia Española de Protección de Datos, www.agpd.es, así como do dereito a interpoñer unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos en la dirección:
<https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/vistas/formQuejasSugerencias/seleccionarQuejaSugerencia.jsf>

DÉCIMO SEXTA.- Extinción do convenio e supostos de reintegro

1. Este convenio extinguirase por terminación do prazo de duración, por incumprimento dalgún dos seus asinantes das estipulacións, requisitos e obrigas contidas nel ou por mutuo acordo das partes.

2. En todo caso, e sen prexuízo do sinalado anteriormente, contéplanse os seguintes supostos de reintegro para os correspondentes incumprimentos:

- Reintegro do 2% do importe da axuda concedida no caso de incumprimento das obrigas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas.
- Reintegro do 5% do importe da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude de outras axudas.
- Reintegro do exceso percibido máis xuros de demora, sen prexuízo das sancións que puideran corresponder no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención de outras axudas.



DÉCIMO SÉTIMA.- Normativa aplicable

Sen prexuízo de calquera outra normativa que resulte aplicable, serán de aplicación ao presente convenio:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento (UE) 2021/1056 do Parlamento e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo de Transición Xusta
- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados
- Orde HFP/1414/2023, de 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

DÉCIMO OITAVA.-Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza xurídico- administrativa.

As controversias que puidesen xurdir entre as partes asinantes deste convenio sobre a súa interpretación, execución ou resolución serán resoltas, en primeiro termo, no seo da Comisión de Seguimento a que se refire a cláusula novena.

Se non hai acordo, decidirá a persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Os seus acordos poñen fin á vía administrativa e someteranse á Orde Xurisdiccional Contencioso- Administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data sinalados no encabezamento, rubricando cada unha das páxinas de que consta.

O Conselleiro de Emprego, Comercio

O Secretario Xeral da Federación de
Industria, Construción e Agro de UGT



e Emigración

Galicia (UGT-FICA)

Asdo. José González Vázquez

Asdo. Javier Carreiro Vázquez

O responsable de política industrial
de CCOO de Industria Galicia

O Presidente da Confederación de
Empresarios da Coruña (CEC)

Asdo. Víctor Ledo Suárez

Asdo. Antonio Fontenla Ramil

O Presidente da Asociación de
Industrias do Metal e Tecnoloxías
Asociadas de Galicia (ASIME)

Asdo. Justo Sierra Rey

